



Concello de Meaño

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DATA 28 DE XANEIRO DE 2022 (PLN/2022/1).

<u>ASISTENTES</u>	
GRUPO POLÍTICO	
<u>ALCALDE, que preside:</u>	
D. Carlos Vieitez Fernández	Non adscrito
<u>CONCELLEIROS:</u>	
D. Ramón Tilve Castro	Non adscrito
D ^a María Estévez Barbeito	Non adscrita
D. Ángel Currás Pérez	Non adscrito
D ^a M ^a Dolores Balboa Lores	Non adscrita
D. Ramón Alfonso Piñeiro	Non adscrito
D. José Manuel Ásperez Montes	MI
D ^a Cristina Castro Pintos	MI
D. Alberto González Dopazo	MI
D. M ^a Pilar Prado González	MI
D ^a Estefania Silva Silva	MI
D ^a Ana Belén García Piñeiro	PSdeG-PSOE
D. Manuel Radio Oubiña	PSdeG-PSOE
<u>CONCELLEIROS NON ASISTENTES:</u>	
<u>SECRETARIA:</u>	
D ^a M ^a Teresa Escudero Barral	

No Salón de Sesións da Casa Consistorial de Meaño, ás 20:00 horas do día 28 de xaneiro de 2022, reúnese, previa convocatoria, o Pleno da Corporación en sesión ordinaria coa asistencia dos Sras/es concelleiras/os que se relacionan na marxe.

A tódolos asistentes fíxoselles chegar copia da orde do día, cos asuntos a tratar, poñéndose a súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente.

Concorrendo o quorum necesario, declárase validamente constituída a sesión.

A) Parte resolutiva

1º. APROBACIÓN, SI PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 26-11-2021.-

O Sr. alcalde-presidente pregúntalles aos membros da Corporación si teñen algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión ordinaria de data 26 de novembro de 2021.

Non formulándose ningunha observación queda aprobada por unanimidade dos trece membros da Corporación.

2º.- APROBACIÓN INICIAL, SI PROCEDE, DA PROPOSTA DE ORGANIGRAMA E RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE MEAÑO. (EXP.: 24/2021)

O Sr. alcalde-presidente, formúlalle ao Pleno da Corporación, a seguinte proposta en relación con este asunto:





Concello de Meaño

“Os artigos 74 do Real Decreto Lexilativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público, 90.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 202.1 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establecen a obriga das entidades locais de formar unha relación de tódolos postos de traballo existentes na súa organización.

A Relación de Postos de Traballo é un documento de natureza técnica que deberá comprender tódolos postos de traballo, indicando a denominación, tipo e sistema de provisión, requisitos para o seu desempeño, nivel de complemento de destino, e no seu caso, o complemento específico que corresponda aos mesmos, e se teñen que ser desempeñados por persoal funcionario, ou a categoría profesional e réxime xurídico aplicable cando sexan desempeñados por persoal laboral.

Despois do proceso de negociación a través da Mesa Xeral de Negociación conxunta de funcionarios e laborais do Concello, a empresa GALIVALIA CONSULSTGO, S.L., con data 02-12-2021 presenta a proposta de Organigrama e Relación de Postos de Traballo do Concello de Meaño, resultante da Mesa Xeral de Negociación celebrada o día 1 de decembro de 2021 e que obtivo o voto favorable de tódalas partes presentes nesta reunión.

Esta Alcaldía, co ditame favorable da Comisión Especial de Contas, proponlle ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobado inicialmente a proposta de Organigrama e Relación de Postos de Traballo do Concello de Meaño, resultante da Mesa Xeral de Negociación celebrada o día 1 de decembro de 2021, presentada pola empresa GALIVALIA CONSULSTGO, S.L., con data 02-12-2021, nº de entrada 2021-E-RE-1621.

2º.- Someter, dando cumprimento do artigo 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o documento de Organigrama e Relación de Postos de Traballo do Concello de Meaño, elaborado pola empresa GALIVALIA CONSULSTGO, S.L. e resultante da Mesa Xeral de Negociación celebrada o día 1 de decembro de 2021, xunto co expediente a información pública por un prazo de vinte días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra para que, os interesados poidan consultar o expediente e formular as alegacións que xulguen oportunas. A documentación sometida á exposición pública estará a dispor dos interesados na seguinte dirección web do Concello <https://concellodemeano.sedelectronica.gal/transparency/>.

3º.- Transcorrido este prazo, a aprobación inicial elevarase a definitiva de non formularse reclamacións, suxestións ou alegacións contra o mesmo; remitíndose copia aos órganos competentes da Administración xeral do Estado e da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do prazo de trinta días, coa publicación final do Organigrama e Relación de Postos de Traballo no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.”

Unha vez deliberado o asunto e sometida a proposta de acordo a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos trece membros, acorda aprobar a devandita proposta:





Concello de Meaño

1º.- Aprobar inicialmente a proposta de Organigrama e Relación de Postos de Traballo do Concello de Meaño, resultante da Mesa Xeral de Negociación celebrada o día 1 de decembro de 2021, presentada pola empresa GALIVALIA CONSULSTGO, S.L., con data 02-12-2021, nº de entrada 2021-E-RE-1621.

2º.- Someter, dando cumprimento do artigo 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o documento de Organigrama e Relación de Postos de Traballo do Concello de Meaño, elaborado pola empresa GALIVALIA CONSULSTGO, S.L. e resultante da da Mesa Xeral de Negociación celebrada o día 1 de decembro de 2021, xunto co expediente a información pública por un prazo de vinte días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra para que, os interesados poidan consultar o expediente e formular as alegacións que vulguen oportunas. A documentación sometida á exposición pública estará a dispor dos interesados na seguinte dirección web do Concello <https://concellodemeano.sedelectronica.gal/transparency/>.

3º.- Transcorrido esta prazo, a aprobación inicial elevarase a definitiva de non formularse reclamacións, suxestións ou alegacións contra o mesmo; remitíndose copia aos órganos competentes da Administración xeral do Estado e da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do prazo de trinta días, coa publicación final do Organigrama e Relación de Postos de Traballo no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

3º.- RATIFICACIÓN, SI PROCEDE, DA APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE MEAÑO PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DENOMINADA “MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA E ACONDICIONAMENTO DE PAVILLÓN DE DEOPORTES DE MEAÑO”, NO MARCO DO PROGRAMA PROVINCIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS SINGULARES PARA A RECUPERACIÓN POST-COVID-19. PROGRAMA REACPON (REACCIONA PONTEVEDRA PROVINCIA). (EXP.: 730/2021)

O Sr. alcalde-presidente, fórmullalle ao Pleno da Corporación, a seguinte proposta en relación con este asunto:

“O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de data 30 de xullo de 2021, ao abeiro da Bases reguladoras e convocatoria do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Recuperación POST-COVI-19. PROGRAMA REACPON, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nº 102 de data 1 de xuño de 2021, acordou solicitar unha axuda por importe de 360.320,58 €, con cargo ao programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación post-COVID-19 con destino á realización e financiamento da inversión “Mejora eficiencia energética y acondicionamiento de pabellón de deportes de Meaño”.

O Pleno da deputación Provincial, en sesión extraordinaria de data 17-12-2021, acorda conceder, ao abeiro do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Recuperación POST-COVI-19. PROGRAMA REACPON, unha subvención por importe de 360.320,58 €, coa seguinte distribución:





Concello de Meaño

ACTUACIÓN	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	ACHEGA MUNICIPAL
MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA E ACONDICIONAMENTO DE PAVILLÓN DE DEPORTES DE MEAÑO	450.400,72 €	360.320,58 €	90.080,14 €

Segundo as bases reguladoras do PROGRAMA REACPON, tras a resolución definitiva asinarase un convenio cos concellos beneficiarios, no que se definirán as actuacións obxecto de subvención, e estableceranse de maneira pormenorizada os seus deberes.

Con data de rexistro 21-12-2021 ten entrada no Concello de Meaño, nº rexistro 2021-E-RC-5023, o borrador do convenio do Programa REACPON, **para que a maior brevidade posible** se proceda á aprobación do seu texto polo órgano competente; polo que, tramitado o correspondente expediente de aprobación de convenio, a esta Alcaldía, en uso das facultades que lle confire o artigo 21.1.k) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, con data 13 de xaneiro RESOLVE:

“1º.- Aprobar o texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE MEAÑO PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DENOMINADA “MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA E ACONDICIONAMENTO DE PAVILLÓN DE DEPORTES DE MEAÑO”, NO MARCO DO PROGRAMA PROVINCIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS SINGULARES PARA A RECUPERACIÓN POST-COVID-19. PROGRAMA REACPON (REACCIONA PONTEVEDRA PROVINCIA).

2º.- Dar traslado da presente Resolución á Deputación Provincial de Pontevedra.

3º.- Da presente Resolución darase conta ao Pleno da Corporación para a súa ratificación.”

Polo que a vista do que antecede, esta Alcaldía co ditamine favorablemente da Comisión Especial de Contas proponlle ao Pleno a ratificación da Resolución da Alcaldía de data 13 de xaneiro de 2022, nº 2022-0024”

Unha vez deliberado o asunto e sometida a proposta de acordo a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos trece membros, acorda ratificar a Resolución da Alcaldía de data 13 de xaneiro de 2022, nº 2022-0024, cuxo tenor literal é o seguinte:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE MEAÑO PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DENOMINADA “MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA E ACONDICIONAMENTO DE PAVILLÓN DE DEOPORTES DE MEAÑO”, NO MARCO DO PROGRAMA PROVINCIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS SINGULARES PARA A RECUPERACIÓN POST-COVID-19. PROGRAMA REACPON (REACCIONA PONTEVEDRA PROVINCIA).

EXPEDIENTE: 730/2021





Concello de Meaño

Antecedentes de feito.

1.- No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nº 102 de data 1 de xuño de 2021, publícanse as Bases reguladoras e convocatoria do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Recuperación POST-COVI-19. PROGRAMA REACPON, que ten por obxecto regular o procedemento de concesión, execución e xustificación das subvencións que se outorguen con cargo a este plan, cuxo ámbito temporal de execución será bianual. As finalidades subvencionables artículanse nas seguintes liñas de actuación:

1. Actuacións de tipo 1: Rehabilitación de edificios e instalacións municipais para uso social, cultural, deportivo, turístico e de lecer, de infancia e mocidade, de atencións a vítimas de violencia de xénero, de elementos de interese patrimonial e os destinados a uso institucional e administrativo, valorizando os recursos locais xa existentes, con parámetros de innovación, sostibilidade, dixitalización e uso de enerxías alternativas.

2. Actuacións de tipo 2: Construción de novos equipamentos e dotacións, con edificios ou instalacións sostibles e intelixentes, ademais de novas actuacións ambientalmente sostibles para asegurar os servizos que impulsen a cohesión territorial, cos mesmos obxectivos/parámetros de actuación de tipo 1.

3. Actuacións de tipo 3: Recuperación, mellora, urbanización ou reurbanización de espazos públicos co obxectivo de darlle un uso plural, amable e de fomentar a estancia e as mobilidades alternativas, na liña de cumprimento dos Principios Ágora, establecidos pola Deputación Provincial.

En canto ao financiamento atópase regulado na base 5, correspondéndolle aos concellos cunha poboación de 5001 a 10000 habitantes unha porcentaxe de achega mínima do 20% para as actuacións do tipo 1, 25% para as actuacións do tipo 2 15% para actuacións do tipo 3.

2.- O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de data 30 de xullo de 2021, acordou:

“1º.- Solicitar unha axuda por importe de 360.320,58 €, con cargo ao programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación post-COVID-19 con destino á realización e financiamento da inversión “Mejora eficiencia energética y acondicionamiento de pabellón de deportes de Meaño”, segundo o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto D. Jesús Vieito Pino, que conta cun orzamento base de licitación que ascende a 450.400,72 €.

2º.- Que o Concello de Meaño comprométese ao cofinanciamento da actuación polo importe restante ata completar o orzamento da inversión.”

3.- O Pleno da Corporación Provincial, en sesión extraordinaria de data 17-12-2021, acorda concedela seguinte subvención, ao abeiro do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Recuperación POST-COVI-19. PROGRAMA REACPON:

ACTUACIÓN	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	ACHEGA MUNICIPAL
MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA E ACONDICIONAMENTO DE PAVILLÓN DE DEPORTES DE	450.400,72 €	360.320,58 €	90.080,14 €





Concello de Meaño

MEAÑO			
-------	--	--	--

4.- Segundo a base reguladora 7.2.h), tras a resolución definitiva asinarase un convenio cos concellos beneficiarios, no que se definirán as actuacións obxecto de subvención, e estableceranse de maneira pormenorizada os seus deberes.

5.- Con data de rexistro 21-12-2021 ten entrada no Concello de Meaño, nº rexistro 2021-E-RC-5023, o borrador do convenio do Programa REACPON, **para que a maior brevidade posible** se proceda á aprobación do seu texto polo órgano competente.

6.- Incorporárase ao expediente a documentación que preceptúa a lexislación vixente.

Fundamentos legais:

Primeiro.- É competencia propia, ao abeiro do artigo 25.2.1) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a “Promoción del deporte e instalaciones deportivas y de ocupación de tiempo libre”.

A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, prevé no artigo 81 como competencia dos municipios :

“1. Para la gestión de sus intereses y una vez que se garantice la prestación de los servicios mínimos, el municipio también podrá ejercer actividades complementarias de las propias de otras Administraciones Públicas y, en particular, las relativas a:

(...)

n) Las actividades e instalaciones culturales y deportivas, la ocupación del tiempo libre y el turismo.

(...)”

Segundo.- Segundo o artigo 3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, “Las Administraciones Públicas sirven con objetividad los intereses generales y actúan de acuerdo con los principios de eficacia, jerarquía, descentralización, desconcentración y coordinación, con sometimiento pleno a la Constitución, a la Lei y al Derecho.

Deberán respetar en su actuación y relaciones los siguientes principios

(...)

K) Cooperación, colaboración y coordinación entre las Administraciones Públicas”

O artigo 10 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, establece “1. La Administración local y las demás Administraciones públicas ajustarán sus relaciones recíprocas a los deberes de información mutua, colaboración, coordinación y respeto a los ámbitos competenciales respectivos.

2. Procederá la coordinación de las competencias de las entidades locales entre sí y, especialmente, con las de las restantes Administraciones públicas, cuando las actividades o los servicios locales trasciendan el interés propio de las correspondientes Entidades, incidan o condicionen relevantemente los de dichas Administraciones o sean concurrentes o complementarios de los de éstas.

3. En especial, la coordinación de las Entidades Locales tendrá por objeto asegurar el cumplimiento de la legislación de estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera.

4. Las funciones de coordinación serán compatibles con la autonomía de las Entidades Locales.”





Concello de Meaño

Pola súa parte, o artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, contempla como competencia propia das Deputacións Provinciais, entre outras, “La cooperación en el fomento del desarrollo económico y social y en la planificación en el territorio provincial, de acuerdo con las competencias de las demas Administraciones Públicas en este ámbito”

Terceiro.- *O capítulo VI do Título Preliminar, artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público regula os convenios, definidos como “los acuerdos con efectos jurídicos adoptados por las Administraciones Públicas, los organismos públicos y entidades de derecho público vinculados o dependientes o las Universidades públicas entre sí o con sujetos de derecho privado para un fin común”.*

Cuarto.- *O artigo 47.2 da Lei 40/2015 , do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público establece que “Los convenios que suscriban las Administraciones Públicas, los organismos públicos y las entidades de derecho público vinculados o dependientes y las Universidades públicas, deberán corresponder a alguno de los siguientes tipos:*

...

a) Convenios interadministrativos firmados entre dos o más Administraciones Públicas, o bien entre dos o más organismos públicos o entidades de derecho público vinculados o dependientes de distintas Administraciones públicas, y que podrán incluir la utilización de medios, servicios y recursos de otra Administración Pública, organismo público o entidad de derecho público vinculado o dependiente, para el ejercicio de competencias propias o delegadas.

(...)”

Quinto.- *Segundo establece o artigo 48.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público “La suscripción de convenios deberá mejorar la eficiencia de la gestión pública, facilitar la utilización conjunta de medios y servicios públicos, contribuir a la realización de actividades de utilidad pública y cumplir con la legislación de estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera.” A tal efecto o artigo 50.1 esixe como trámite preceptivo para a suscripción de convenios que, “Sin perjuicio de las especialidades que la legislación autonómica pueda prever, será necesario que el convenio se acompañe de una memoria justificativa donde se analice su necesidad y oportunidad, su impacto económico, el carácter no contractual de la actividad en cuestión, así como el cumplimiento de lo previsto en esta Ley.”*

Pola súa parte o artigo 57.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a suscripción de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, eliminar duplicidades administrativas e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira; enténdese por sustentabilidade financeira a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial, conforme ao establecido na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, a normativa sobre morosidade e na normativa europea.

Sexto.- *En canto á competencia do órgano para a súa aprobación, correspóndelle ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Especial de Contas, en virtude das competencias que ten atribuídas, artigo 22.2.ñ) en concordancia coa Disposición adicional segunda . 2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público; non obstante ao abeiro do artigo 21.1.k) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, correspóndolle á Alcaldía “El ejercicio de las acciones judiciales y administrativas y la defensa del ayuntamiento en las materias de su competencia, incluso cuando las hubiera delegado en otro órgano, y, en caso de urgencia, en materias de la competencia del Pleno, en este supuesto dando cuenta al mismo en la primera sesión*





Concello de Meaño

que celebre para su ratificación”.

A vista do que antecede, esta Alcaldía, en uso das facultades que lle confire o artigo 21.1.k) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, RESOLVE:

1º.- Aprobado o texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE MEAÑO PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DENOMINADA “MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA E ACONDICIONAMENTO DE PAVILLÓN DE DEPORTES DE MEAÑO”, NO MARCO DO PROGRAMA PROVINCIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS SINGULARES PARA A RECUPERACIÓN POST-COVID-19. PROGRAMA REACPON (REACCIONA PONTEVEDRA PROVINCIA).

2º.- Dar traslado da presente Resolución á Deputación Provincial de Pontevedra.

3º.- Da presente Resolución darase conta ao Pleno da Corporación para a súa ratificación.

Manda e asina o Sr. alcalde D. Carlos Vieitez Fernández, ante a secretaría-interventora D^a M.^a Teresa Escudero Barral, que da fe.”

4º.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DAS BASES REGULADORAS DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2022-2023. LIÑA I INVESTIMENTOS: PROXECTO “MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA E ACONDICIONAMENTO DE PAVILLÓN DE DEOPORTES DE MEAÑO”. (EXP. 69/2022)

O Sr. alcalde-presidente, formúlalle ao Pleno da Corporación, a seguinte proposta en relación con este asunto:

“Vistas as Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-23, publicadas integramente no BOP nº 230 de data 27 de novembro de 2021, que teñen por obxecto regular o procedemento de concesión, execución e xustificación das subvencións que se concedan con cargo a este plan de carácter bienal para actuacións de competencia municipal e das que poderán beneficiarse os concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes.

Considerando que, segundo se sinala na base Primeira das devanditas Bases, no marco destas bases os concellos poderán determinar libremente a elección dos investimentos e actuacións subvencionables que desexen realizar sempre que se axunten ao obxecto das base e se cumpran os requisitos obrigatorios establecidos nelas.

Considerando que, segundo se sinala na base Primeira das devanditas Bases, o Concello poderá destinar a cantidade asignada ao abeiro deste plan ao financiamento das achegas municipais para investimentos doutros plans, programas ou convenios desta





Concello de Meaño

Deputación ou doutras administracións públicas cando se trate de obras ou subministros de competencia municipal e sempre que os prazos de execución recollidos no convenio se axusten aos prazos de execución que se contmplan nestas bases reguladoras para os investimentos acollidos á Liña I.

Considerando que dos criterios de reparto establecidos nas bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023 a cantidade que lle corresponde ao Concello de Meaño para o financiamento das solicitudes acollidas a Liña 1 para os exercicios 2022 E 2023 ascenden a 371.839,70 €.

Considerando que, o Pleno da Corporación Provincial, en sesión extraordinaria de data 17-12-2021, acorda concedela seguinte subvención, ao abeiro do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Recuperación POST-COVI-19. PROGRAMA REACPON:

ACTUACIÓN	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	ACHEGA MUNICIPAL
MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA E ACONDICIONAMENTO DE PAVILLÓN DE DEPORTES DE MEAÑO	450.400,72 €	360.320,58 €	90.080,14 €

Visto o que antecede; esta Alcaldía co ditame favorable da Comisión Especial de Contas, proponlle ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1º.- *Darse por informados das Bases do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, cuxo contido se coñece e acepta na súa totalidade.*

2º.-*Solicitar unha subvención por importe de 90.080,14 €, con cargo ó Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022, con destino ao financiamento da achega municipal do proxecto de “MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA E ACONDICIONAMENTO DE PAVILLÓN DE DEPORTES DE MEAÑO”, redactado polo arquitecto D. Jesús Vieito Pino, que conta cun orzamento base de licitación que ascende a 450.400,72 €; que foi subvencionado, ao abeiro do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Recuperación POST-COVI-19. PROGRAMA REACPON, cun importe 360.320,58 €.*

2º.- *Facer constar que o devandito proxecto non está suxeito a autorizacións sectoriais.*

3º.- *Dar traslado do presente acordo á Deputación Provincial de Pontevedra.”*

Unha vez deliberado o asunto e sometida a proposta de acordo a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos trece membros, acorda aprobar a devandita proposta:

1º.- *Darse por informados das Bases do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, cuxo contido se coñece e acepta na súa totalidade.*





Concello de Meaño

2º.- Solicitar unha subvención por importe de 90.080,14 €, con cargo ó Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022, con destino ao financiamento da achega municipal do proxecto de “MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA E ACONDICIONAMENTO DE PAVILLÓN DE DEPORTES DE MEAÑO”, redactado polo arquitecto D. Jesús Vieito Pino, que conta cun orzamento base de licitación que ascende a 450.400,72 €; que foi subvencionado, ao abeiro do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Recuperación POST-COVI-19. PROGRAMA REACPON, cun importe 360.320,58 €.

3º.- Facer constar que o devandito proxecto non está suxeito a autorizacións sectoriais.

4º.- Dar traslado do presente acordo á Deputación Provincial de Pontevedra.

5º.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DA OBRA “MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA E ACONDICIONAMENTO DE PAVILLÓN DE DEPORTES”. (EXP: 730/2021).

En base ao sinalado nos puntos anteriores e á proposta formulada pola Alcaldía á Comisión Informativa Permanente de infraestruturas, urbanismo e desenvolvemento sostible, cuxo tenor literal é o seguinte:

“Visto o informe-proposta emitido pola seccreatia-interventora en relación con este asunto:

“INFORME-PROPOSTA

ASUNTO: APROBACIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DA OBRA “MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA E ACONDICIONAMENTO DE PAVILLÓN DE DEPORTES”.

EXPEDIENTE: 730/2021

Antecedentes:

1.- No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nº 102 de data 1 de xuño de 2021, publícanse as Bases reguladoras e convocatoria do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Recuperación POST-COVI-19. PROGRAMA REACPON, que ten por obxecto regular o procedemento de concesión, execución e xustificación das subvencións que se outorguen con cargo a este plan, cuxo ámbito temporal de execución será bianual.

2.- O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de data 30 de xullo de 2021, acordou:

“1º.- Solicitar unha axuda por importe de 360.320,58 €, con cargo ao programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación post-COVID-19 con destino á realización e financiamento da inversión “Mejora eficiencia energética y acondicionamiento de pabellón de deportes de Meaño”, segundo o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto D. Jesús Vieito Pino, que conta cun orzamento base de licitación que ascende a 450.400,72 €.

2º.- Que o Concello de Meaño comprométese ao cofinanciamento da actuación polo importe restante ata completar o orzamento da inversión.”

3.- O Pleno da Corporación Provincial, en sesión extraordinaria de data 17-12-2021, acorda concedela seguinte subvención, ao abeiro do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións





Concello de Meaño

Singulares para a Recuperación POST-COVI-19. PROGRAMA REACPON:

ACTUACIÓN	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	ACHEGA MUNICIPAL
MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA E ACONDICIONAMENTO DE PAVILLÓN DE DEPORTES DE MEAÑO	450.400,72 €	360.320,58 €	90.080,14 €

4.- Segundo a base reguladora 7.2.h), tras a resolución definitiva asinarase un convenio cos concellos beneficiarios, no que se definirán as actuacións obxecto de subvención, e estableceranse de maneira pormenorizada os seus deberes.

5.- Con data de rexistro 21-12-2021 ten entrada no Concello de Meaño, nº rexistro 2021-E-RC-5023, o borrador do convenio do Programa REACPON, para que a maior brevidade posible se proceda á aprobación do seu texto polo órgano competente.

6.- A Alcaldía, mediante Resolución de data 13 de xaneiro de 2022, nº 2022-0024, resolve aprobar o texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE MEAÑO PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DENOMINADA “MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA E ACONDICIONAMENTO DE PAVILLÓN DE DEPORTES DE MEAÑO”, NO MARCO DO PROGRAMA PROVINCIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓN SINGULARES PARA A RECUPERACIÓN POST-COVID-19. PROGRAMA REACPON (REACCIONA PONTEVEDRA PROVINCIA).

7.- A Alcaldía formula proposta de solicitude de subvención cargo ó Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022, con destino ao financiamento da achega municipal do proxecto de “MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA E ACONDICIONAMENTO DE PAVILLÓN DE DEPORTES DE MEAÑO”, á que haberá que achegar aprobación do proxecto técnico e acta de replanteo previo.

8.- O proxecto básico e de execución de “Mejora eficiencia energética y acondicionamiento de pabellón de deportes de Meaño”, redactado polo arquitecto D. Jesús Vieito Pino, que conta cun orzamento base de licitación que ascende a 450.400,72 €, presentado con data 17-01-2022, nº 2022-E-RE-78, que integra o proxecto básico e de execución datado o 21-07-2021 e o anexo 11, datado o 30-09-2021, en cumprimento do requirimento de complemento de documentación formulado pola Deputación Provincial, conta co informe favorable do cumprimento da normativa urbanística vixente neste termo municipal do arquitecto municipal e co informe favorable de supervisión do enxeñeiro xefe do Servizo de Cooperación cos municipios.

9. O devandito proxecto afecta a un edificio de titularidade municipal situado na R/Herminia Fariña, parroquia de Meaño, e segundo se fai constar no mesmo e no informe emitido polo arquitecto municipal non se atopa suxeito a autorizacións sectoriais.

A lexislación aplicable ao asunto é a seguinte:

— Os artigos 231 a 236 e as Disposicións Adicionais Segunda, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP).





Concello de Meaño

— Os artigos 124 a 137 do Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

— Os artigos 20, 22.2.ñ) e 47 .1da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

— Os artigos 147 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia e 365 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Fundamentos legais:

1º.- O artigo 231 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, establece que “1. En los términos previstos en esta Ley, la adjudicación de un contrato de obras requerirá la previa elaboración, supervisión, aprobación y replanteo del correspondiente proyecto que definirá con precisión el objeto del contrato. La aprobación del proyecto corresponderá al órgano de contratación salvo que tal competencia esté específicamente atribuida a otro órgano por una norma jurídica.”

2º.- Segundo establece a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, no punto 2 do artigo 147 “As obras públicas entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto logo da acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor”.

Engadindo o artigo 236 que “1.Aprobado el proyecto y previamente a la aprobación del expediente de contratación de la obra, se procederá a efectuar el replanteo del mismo, el cual consistirá en comprobar la realidad geométrica de la misma y la disponibilidad de los terrenos precisos para su normal ejecución. Asimismo se deberán comprobar cuantos supuestos figuren en el proyecto elaborado y sean básicos para el contrato a celebrar”

3º.- De conformidade co disposto no artigo 22.2.ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, con relación coa Disposición Adicional Segunda da LCSP; correspondéndolle ao Pleno da Corporación “La aprobación de los proyectos de obras y servicios, cuando sea competente para su contratación o concesión, y cuando aún ni estén previstos en los presupuestos”. Sinalando a Disposición adicional segunda, que lle corresponde aos alcaldes as competencias como órgano de contratación respecto do contrato de obras cando o seu valor estimado non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento incluídos os plurianuais cando a súa duración non sexa superior a catro anos e ao Pleno cando polo seu valor ou duración non lle corresponda ao alcalde.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable procedendo a súa aprobación polo Pleno da Corporación, por maioría simple, previo informe da correspondente Comisión Informativa Permanente de conformidade co disposto no artigo 22.2.ñ) e 47.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local en concordancia coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, por canto o valor estimado supera o 10% dos recursos ordinarios do Orzamento Municipal prorrogado.

Por iso, de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a que subscribe eleva a seguinte proposta de acordo:

1º/ Aprobar o proxecto básico e de execución de “Mejora eficiencia energética y acondicionamiento de pabellón de deportes de Meaño”, redactado polo arquitecto D. Jesús Vieito Pino, que conta cun orzamento base de licitación que ascende a 450.400,72 €, presentado con data





Concello de Meaño

17-01-2022, nº 2022-E-RE-78, que integra o proxecto básico e de execución datado o 21-07-2021 e o anexo 11, datado o 30-09-2021, en cumprimento do requirimento de complemento de documentación formulado pola Deputación Provincial.

2º Que se proceda ao trazado previo do devandito proxecto, nos termos do artigo 236.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos dos Sector Público.

Este é o meu parecer que se somete a outro mellor fundado en dereito.”

Considerando que segundo o sinala na Base Décimo segunda das Bases Reguladoras do Plan de Obra e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, na que figura como documentación a presentar “A resolución ou o acordo de aprobación do proxecto técnico...” e a “Acta de trazado previo ...”.

Esta Alcaldía, proponlle á Comisión Informativa Permanente de infraestruturas, urbanismo e desenvolvemento sostible, que ditamine favorablemente a aprobación do proxecto básico e de execución de “Mejora eficiencia energética y acondicionamiento de pabellón de deportes de Meaño” e a súa vez lle propoña ao Pleno da Corporación a adopción do acordo proposto pola secretaria-interventora:

1º Aprobar o proxecto básico e de execución de “Mejora eficiencia energética y acondicionamiento de pabellón de deportes de Meaño”, redactado polo arquitecto D. Jesús Vieito Pino, que conta cun orzamento base de licitación que ascende a 450.400,72 €, presentado con data 17-01-2022, nº 2022-E-RE-78, que integra o proxecto básico e de execución datado o 21-07-2021 e o anexo 11, datado o 30-09-2021, en cumprimento do requirimento de complemento de documentación formulado pola Deputación Provincial.

2º Que se proceda ao replanteo do devandito proxecto, nos termos do artigo 236.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos dos Sector Público.”

O Sr. alcalde-presidente, co ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de infraestruturas, urbanismo e desenvolvemento sostible, proponlle ao Pleno da Corporación a adopción de devandito acordo.

Unha vez deliberado o asunto e sometida a proposta de acordo a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, con cinco abstencións (dos/as concelleiros/as do Grupo Municipal MI) e oito votos a favor (dos/as concelleiros/as non adscritos e do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE) acorda:

1º Aprobar o proxecto básico e de execución de “Mejora eficiencia energética y acondicionamiento de pabellón de deportes de Meaño”, redactado polo arquitecto D. Jesús Vieito Pino, que conta cun orzamento base de licitación que ascende a 450.400,72 €, presentado con data 17-01-2022, nº 2022-E-RE-78, que integra o proxecto básico e de execución datado o 21-07-2021 e o anexo 11, datado o 30-09-2021, en cumprimento do





Concello de Meaño

requirimento de complemento de documentación formulado pola Deputación Provincial.

2º Que se proceda ao replanteo do devandito proxecto, nos termos do artigo 236.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos dos Sector Público.

6º.- CAMBIO DE REPRESENTANTE DA CORPORACIÓN NO GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL SALNÉS-ULLA-UMIA. (EXP. 71/2022)

En base ao sinalado na proposta formulada pola Alcaldía á Comisión Especial de Contas, cuxo tenor literal é o seguinte:

“Ao abeiro do artigo 38.c) do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Pleno da Corporación, en sesión de data 10 de xullo de 2019, designou como respresentantes da Corporación no Grupo de Desenvolvemento Rural Salnés-Ulla-Umia, como titular a D. Carlos Vieitez Fernández e como suplente a D. Ramón Tilve Castro.

*Vistos os **Criterios de avalaciación das solicitudes**, regulados no artigo 12.1, do borrador do acordo do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural polo que se aproban as bases reguladoras e a convocatoria para a preselección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, así como para a concesión de axudas orientadas á adquisición de capacidades e para accións preparatorias en apoio do deseño das futuras estratexias de desenvolvemento local participativo para o período de programación 2023-2027, cofinanciados polo donfo FEADER, entre os que se atopa como criteiro a valorar*

“- Representación da muller nos órganos directivos do Grupo”; esta Alcaldía proponlle a Comisión Especial de Contas que ditamine favorablemente este asunto e a súa vez lle propoña ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1º.- Designar como representantes da Corporación no Grupo de Desenvolvemento Rural Salnés-Ulla-Umia:

- Titular: D^a María Estévez Barbeito*
- Suplente: D. Carlos Vieitez Fenández*

2º.- Dar tarlado do acordo ao Grupo de Desenvolvemento Rural Salnés-Ulla-Umia.”

O Sr. alcalde-presidente, co ditame favorable da Comisión Especial de Contas, proponlle ao Pleno da Corporación a adopción de devandito acordo.

Unha vez deliberado o asunto e sometida a proposta de acordo a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, con dúas abstencións (do/a concelleiro/a do Grupo Municipal PSdeG-PSOE) e once votos a favor (dos/as concelleiros/as non adscritos e do Grupo Municipal do MI), acorda:





Concello de Meaño

1º.- Designar como representantes da Corporación no Grupo de Desenvolvemento Rural Salnés-Ulla-Umia:

- Titular: D^a María Estévez Barbeito
- Suplente: D. Carlos Vieitez Fenández

2º.- Dar tarlado do acordo ao Grupo de Desenvolvemento Rural Salnés-Ulla-Umia.

7º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MI SOBRE O SERVIZO DE RECOLLIDA DE VOLUMINOSOS NO CONCELLO DE MEAÑO (EXP. 76/2022)

O Sr. alcalde-presidente cédelle a palabra ao voceiro do Grupo Municipal MI, D. José Manuel Ásperez Montes, quen da lectura ao texto da moción presentada presentada por este grupo, con data 18/01/2022, n.º 2022-E-RE-89, sobre o servizo de recollida de voluminosos:

“En Meaño a 18 de Xaneiro de 2021

Eu, D^o Jose M. Aspérez Montes, con DNI n^o 76.813.900.H, como voceiro do grupo de Concelleiros VECIÑAL MEAÑO INDEPENDIENTE, a través do presente escrito,

EXPOÑO:

Tras comprobar en distintos puntos das parroquias do Concello o abandono inaxeitado de residuos en localizacións non habilitadas para ese fin. Trátase, na súa inmensa maioría de refugallos voluminosos de orixe doméstico que deben ser recollidos, xestionados e tratados de xeito adecuado ás súas características de acordo coa lexislación vixente.

Esta problemática de abandono inadecuado de residuos pode vir dada por diferentes motivos, o descoñecemento da existencia dun punto limpo para a recollida destes refugallos, a comodidade ou falta de civismo dalgúns usuarios e tamén pola falta dun SERVIZO DE RECOLLIDA DE VOLUMINOSOS.

MANIFESTAMOS:

Dado que xa foi aprobada en pleno, en setembro de 2020, unha moción para a creación dunha ordenanza para o punto limpo, no que se recollía a necesidade de creación deste servizo e a día de hoxe a problemática continua e non foi subsanada, xa que o Concello de Meaño non conta con este servizo, a pesares de que é moi necesario e das peticións feitas dende este grupo para que este servizo se instaurase. Sumando que presumiblemente a non implantación deste servizo ben dada pola perda da subvención solicitada para a compra dun Camión -Grúa para realizar as labores de recollida no ano 2020.

Por outra banda, non se pode obviar que, o Concello de Meaño conta con recursos económicos para a adquisición dun vehículo destas características que cada día se fai máis necesario e que ademais serviría para diversos usos municipais, pero dende o equipo de Goberno non se valora esta opción.

Engadindo ademais a imaxe de insalubridade e abandono que presentan diversos puntos do Concello onde se amoreira lixo e desperdicios (algún mesmo dende hai máis de 1 mes) que precisan dun tratamento específico, que nalgún caso mesmo pode resultar perigoso pola ubicación na que se atopa e dos que adxuntamos imaxes





Concello de Meaño

Así, e por todo o exposto anteriormente solicitamos a seguinte:

MOCIÓN:

Se someta a votación neste Pleno da corporación do Concello de Meaño:

- A creación e implantación na maior brevidade posible do SERVIZO DE RECOLLIDA DE VOLUMINOSOS no Concello de Meaño.

- Creación de Ordenanza municipal para o Servizo de Recollida de Voluminosos

-A inclusión no vindeiro presuposto dunha partida para a compra do vehículo Camión- Grúa preciso para o Servizo de Recollida de Voluminosos”

Unha vez deliberado o asunto e sometido a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, con dúas abstencións (do/a concelleiro/a do Grupo Municipal PSdeG-PSOE) e once votos a favor (dos/as concelleiros/as non adscritos e do Grupo Municipal do MI), aproba as propostas de creación e implantación na maior brevidade posible do servizo de recollida de voluminosos no Concello de Meaño, regulando mediante a correspondente ordenanza reguladora deste servizo; en relación á proposta de inclusión no vindeiro orzamento dunha partida para a compra do vehículo preciso para a prestación deste servizo, é competencia da Alcaldía a formación do orzamento.

B) Actividade de información e control

8º.- DAR CONTA DA ORDE DO 29 DE DECEMBRO DE 2021 DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 2 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE MEAÑO (EXP. 674/2018)

O Sr. alcalde-presidente da conta da Orde do 29 de decembro de 2021 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de aprobación definitiva da modificación puntual n.º 2 do Plan xeral de ordenación municipal de Meaño, que foi publicada no Diario Oficial de Galicia, n.º 8 de data 13 de xaneiro de 2022. Una vez incrita pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia publicaranse polo Concello no Boletín Oficial da Provincia as ordenanzas da modificación aprobada definitivamente.

O Pleno da Corporación queda enterado.

9º.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS ADOPTADAS POLA ALCALDÍA.

Aos efectos do control e fiscalización da xestión dos órganos de goberno que se refire o artigo 22.2.^a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, dáse conta ao Pleno das resolucións adoptadas pola Alcaldía, no período comprendido entre o día





Concello de Meaño

29-11-2021, n.º 0605 a 27-01-2022, n.º 0004.

"nome";"data";"resumo";"registro";"procedemento";"Estado"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0044 [RESOLUCIÓN APROBACIÓN BASES BOLSA CURSO 2021/2022 ESPECIALIDADE CLARINETE]";"27/01/22 8:43";"SIA 1490796 -- 500 AEDL -- Expediente 734/2019 -- Múltiples interesados -- BOLSA DE EMPREGO PROFESORES ESCOLA DE MUSICA -- APROBACION BASES";"734/2019";"Seleccións de Persoal e Provisións de Postos";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0043 [Decreto da convocatoria XGL]";"26/01/22 14:37";"Expediente JGL/2022/1 -- Convocatoria";"JGL/2022/1";"Convocatoria de A Xunta de Goberno Local";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0042 [Resolución baixa por caducidade]";"26/01/22 13:03";"SIA 1490367 -- 220 Estadística y Padrón -- Expediente 150/2021 -- ERROR 111 --";"150/2021";"Padrón Municipal de Habitantes (Modificación de Datos)";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0041 [Incoacion procedementos sancionadores trafico I]";"26/01/22 10:05";"Incoacion procedementos sancionadores en materia trafico";"152/2020";"Sancionador de Tráfico e Transportes";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0040 [Incoacion procedementos sancionadores trafico II]";"26/01/22 10:05";"Incoacion procedementos sancionadores en materia trafico";"152/2020";"Sancionador de Tráfico e Transportes";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0039 [Decreto da convocatoria Pleno]";"25/01/22 11:07";"Expediente PLN/2022/1 -- Convocatoria";"PLN/2022/1";"Convocatoria de O Pleno";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0038 [Resolución cambio de domicilio dentro do municipio M.D.S.I]";"25/01/22 9:03";"SIA 1497615 -- Expediente 39/2022 -- Solicitud de cambio de domicilio dentro do municipio --";"39/2022";"Padrón Municipal de Habitantes (Modificación de Datos)";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0037 [RESOLUCION DA ALCALDIA COMUNICACIONES PREVIAS E LICENZAS XANEIRO DE 2022]";"24/01/22 15:02";"SIA 1497441 -- 400 Urbanismo y Medio Ambiente -- Expediente 44/2022 -- LICENZAS URBANISTICAS MES DE XANEIRO DE 2022 --";"44/2022";"Licenzas Urbanísticas";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0036 [Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes por nacemento M.F.O]";"24/01/22 14:20";"SIA 1497631 -- Expediente 90/2022 -- Solicitud de Alta no Padrón Municipal de Habitantes por nacemento --";"90/2022";"Padrón Municipal de Habitantes";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0035 [Resolución Alta no Padrón Municipal de Habitantes por nacemento O.C]";"24/01/22 14:19";"SIA 1497631 -- Expediente 92/2022 -- Solicitud de Alta no Padrón Municipal de Habitantes por nacemento --";"92/2022";"Padrón Municipal de Habitantes";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0034 [Decreto da convocatoria CIMA]";"19/01/22 18:45";"Expediente CIMA/2022/1 -- Convocatoria";"CIMA/2022/1";"Convocatoria de Comisión Informativa de Servizos e Medio Ambiente";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0033 [Decreto da convocatoria CEC]";"19/01/22 17:49";"Expediente CEC/2022/1 -- Convocatoria";"CEC/2022/1";"Convocatoria de A Comisión Especial de Contas";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0032 [Decreto da convocatoria CIUD]";"19/01/22 17:49";"Expediente CIUD/2022/1 -- Convocatoria."; "CIUD/2022/1";"Convocatoria de Comisión Informativa Permanente de infraestruturas, urbanismo e desenvolvemento sostible";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0031 [Decreto da convocatoria CIASI]";"19/01/22 17:49";"Expediente CIASI/2022/1 -- Convocatoria";"CIASI/2022/1";"Convocatoria de Comisión Informativa Permanente de asuntos sociais e igualdade";"subscricións completa"

"RESOLUCION DE ALCALDIA 2022-0030 [RESOLUCION DA ALCALDIA MODIFICACION DA DATA DE APERTURA DE OFERTAS PRESENTADAS NO EXPEDIENTE DE CONTRATACION DE PAVIMENTACION CÑO COIRON VALDAMOR]";"19/01/22 15:43";"MODIFICACIÓN DA DATA DE CONVOCATORIA PARA CONSTITUCIÓN E APERTURA DE PROPOSICIÓN PRESENTADAS NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN CONVOCADO PARA A CONTRATACION DA OBRA PAVIMENTACIÓN CÑO COIRON A VALDAMOR --";"349/2021";"Subvencións Solicitadas a Outra Administración";"subscricións completa"

